

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 150 25-31 MARZO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: imaxenova@imaxenova.com

PROMOCIÓN “IN SITU”

Xornalistas, axentes de viaxes e particulares realizaron o pasado ano 94 viaxes de familiarización turística a Galiza

As viaxes de familiarización turística, coñecidas no argot do sector como *fam trips* ou *fam tours*, trouxeron a Galiza en 2007 un total de 714 persoas, entre as que se inclúen os titulares da tarxeta *Galicia Premium* que fixeron uso dos seus puntos. O número de participantes –representantes de medios de comunicación (119), axencias de viaxes (309) e público final (266)– supuxo un incremento do 19 por cento con respecto ao ano anterior, e dun 39 por cento con respecto a 2005.

As viaxes de familiarización, organizadas pola Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**-Dirección Xeral de Turismo, constitúen unha forma de promoción turística baseada no coñecemento “in situ” do destino, coa que se obteñen grandes vantaxes. Por un lado, os axentes de viaxes poden falar do destino cun mellor coñecemento, e, por outro, os medios de comunicación difunden reportaxes que supoñen un gran valor publicitario para o destino. Segundo un estudo realizado pola Área de Coordinación do Plan de Promoción de **TURGALICIA**, as cidades –Santiago de Compostela é o destino “estrela” cun 17,88 por cento– son os destinos maioritarios destas viaxes, cunha porcentaxe do 46,24 por cento sobre o total. A costa foi o destino do 36,47 das viaxes, e o interior, do 17,29 por cento.

No conxunto da costa, O Salnés (25,96 por cento),



Un grupo de axentes turísticos, durante a súa viaxe de familiarización por Galiza.

A Toxa (15,38 por cento) e A Costa da Morte (14,42 por cento), seguidos de Baiona (6,73 por cento), son os lugares máis visitados.

Pola súa parte, as zonas máis visitadas do interior de Galiza coinciden ben con destinos importantes de Turismo de Saúde, como Mondariz-Balneario, ou con destinos con oferta dirixida ao enoturismo, como é o caso da comarca do Ribeiro e A Ribeira Sacra.

Os participantes nas viaxes de familiarización organizadas o pasado ano por **TURGALICIA** proceden maioritariamente do mercado estatal (58,71 por cento). Do ámbito internacional, o 81,17 por cento son europeos, e o 17,15 por cento, americanos.

Por nacionalidades, salienta a importancia do mercado alemán, que acadou un 36,40 por cento do total, seguido do portugués (23,01 por cento) e o mexicano (14,64 por cento).

“Camelia de Galicia” recibe en Santiago a visita de 25.000 persoas

A exposición “Camelia de Galicia”, que acolleu o Pazo de Fonseca de Santiago de Compostela os pasados días 21 e 22 de marzo, foi visitada por 25.000 persoas, das que o 65 por cento foron turistas españois e estranxeiros que pasaban as súas vacacións de Semana Santa en Galiza.

A mostra, organizada por **TURGALICIA** en colaboración coa Sociedad Española de la Camelia e a Universidade de Santiago, exhibiu unha gran variedade de flores de camelia, procedentes dos xardíns de máis de 20 coleccionistas galegos. Con ela, deuse a coñecer entre o público unha flor de orixe

oriental, moi presente nos xardíns galegos.

Como elemento identificador de Galiza, a camelia protagoniza a Ruta dos Xardíns de Inverno, un percorrido por oito xardíns públicos e privados, e serviu nesta mostra para prestixiar a imaxe de Galiza como destino turístico.